

# SEGUNDO CONCURSO GALEGO DE ROBÓTICA.

## **Modalidades:**

Participando no obradoiro a Maxia da Robótica: Categorias

A)-Primaria (5º e 6º) e 1º da ESO

B)-2º, 3º e 4º de ESO e

C)-Bacharelato ou FP da mesma idade

Cada grupo participante estará constituído por 4 ou 5 membros. Do 9 ao 13 de novembro.

Os alumnos e alumnas que participaron no primeiro concurso do ano pasado só poden participar na modalidade libre.

Modalidade concurso libre:

Unha única categoría para os dez primeiros grupos inscritos (4 ou 5 membros) na web despois do día 9 de outubro.

Data o día 14, sábado, das 10 ás 11:30 horas.

Inscrición: a través do formulario facendo constar día 14.

Nas dúas modalidades:

Premios: Dous premios en cada categoría de 300 e 200 euros ou o seu equivalente nun equipo de robótica.

Destinatarios: Os centros educativos dos grupos gañadores. Cada centro só pode levar un premio.

A decisión do xurado é inapelable e os premios poden quedar desertos, a xuízo do xurado ou acumuladps a outro grupo con máis participantes.

Entre os criterios de valoración figurarán aspectos como: número de probas realizadas e a súa dificultade; organización e funcionamento do equipo, e presentación dos resultados do traballo realizado.

Día 14 de novembro, ás 12 horas, entrega dos premios

Detalles do concurso do Obradoiro

- 1-Os grupos serán de 4 ou 5 participantes. Cada centro traerá os grupos feitos.
- 2.-Os niveis que vai haber son:
  - (a) 5º, 6º de Primaria e 1º de ESO.
  - (b) 2º-3º-4º de E.S.O.
  - (c) Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio.
- 2-Enfrentaranse os equipos do mesmo nivel educativo.
- 3-Os membros de cada grupo serán alumnos do mesmo nivel educativo e do mesmo centro.
- 4-O concurso consistirá nunha serie de probas de diferente dificultade.
- 5-Proporcionaranse os enunciados das distintas montaxes e de cómo debера funcionar unha vez rematada cada unha delas.
- 6-Cada proba terá unha puntuación segundo o seu grado de dificultade.
- 7-A orde de realización das actividades decídeas o grupo, podendo pasar dunha á outra sin ter rematado a anterior.
- 8-Para acadar a puntuación dunha actividade terá que ser verificado o seu funcionamento por un dos monitores da organización.
- 9-Dispoñerán dunha hora para levar a cabo as actividades deseñadas.
- 10-A puntuación total de cada grupo será a suma das puntuacións nas distintas actividades.
- 11-A decisión do xurado é inapelable. Os premios poden quedar desertos ou acumulados a outro sector.
- 12-Teremos dous premios por grupo de idade (Primaria e 1º ESO, ESO e Bacharelato-Ciclos Formativos Grao Medio), o primeiro de 300 e o segundo de 200 euros, para o departamento/centro e un diploma para os participantes. En diñeiro ou material de robótica equivalente.
- 13-Cada centro só pode recibir un premio.
- 14-En caso de empate os 500 euros que se teñen por grupo poderán ser repartidos proporcionalmente.
- 15-O resultado do concurso será publicado nesta páxina web.

**PUNTUARASE A ACTITUDE DOS PARTICIPANTES AO LONGO DA  
XORNADA, DESTACANDO O COMPAÑERISMO E O BO  
COMPORTAMENTO. A ESTE APARTADO DESTINAREMOS ATA UN  
MÁXIMO DE 5 PUNTOS POR GRUPO.**